

O larchán do Cotarelo n° 28

xuño 2020



ies Armando Cotarelo Valledor

Un feixe de
actividades

DE SENDEIRISMO POR TERRAS DA ARMENTEIRA

Como primeira actividades do curso fixemos una ruta de sendeirismo dende Pontearnelas a Armenteira transitando pola *Senda do Umia* e a *Ruta da Pedra e da Auga* cun total de case 15 km. ■



Participaron na ruta case 200 alumnos/as de 1º, a 4º da ESO e tamén 12 “profes” para que todo saíse perfecto.

Despois de camiñar todo o día (estivemos camiñando dende as 10 da mañá ata as cinco da tarde) chegamos cansos a Armenteira pero satisfeitos.

Foi un bo primeiro día de clase!





Día sen alcohol

Do 27 de novembro ao 2 de decembro tivemos no instituto as charlas sobre os graves problemas que xenera o consumo de alcohol especialmente entre os mozos e mozas. As charlas estiveron dirixidas a todos os cursos da ESO e celebráronse no laboratorio de física ■



Tamén fixemos un concurso no que se sorteou un lote de produtos. O gañador foi o alumno de 1º ESO **Álvaro Abalo Martínez** ▼



A todos os alumnos/as que asistiron a estas charlas entregóuselle unha mochila co slogan **“MELLOR SEN ALCOHOL”** ▼

| GRUPO | HORA |
|--------------------|---------------|
| MÉRCORES 27 | |
| 4º ESO A | 9.00 – 9.50 |
| 2º ESO B | 9.50 - 10.40 |
| 4º ESO C | 12.00 - 12.50 |
| XOVES 28 | |
| 1º ESO B | 12.50 - 13.40 |
| 2º ESO B | 13.40 - 14.30 |
| VENRES 29 | |
| 3º ESO B | 12.00 - 12.50 |
| 3º ESO C | 13.40 - 14.30 |
| LUNS 2 | |
| 4º ESO B | 9.50 – 10.40 |
| 3º ESO A-PMAR | 10.40 - 11.30 |
| 4º ESO A | 12.50 – 13.40 |

**MELLOR
SEN
ALCOHOL**





Calendario do Cotarelo 2020



Ao igual que todos os anos o Equipo de Dinamización Lingüística publica o **"Calendario do Cotarelo"**. Un calendario realizado con ilustracións de alumnos e alumnas do Cotarelo.



Podías conseguilo por so **6 euros**.

O Cotarelo Finalista nos “IV Premios Ecoinnovación Fundación Endesa”



O alumnado de 2º de SMRI quedou finalista nos IV Premios Ecoinnovación Educativa, organizados pola Fundación Endesa, entre 374 proxectos de toda España. Os estudantes do Cotarelo presentaron un modelo de negocio que pretende contribuír á redución da contaminación a través do ecopackaging: substituír o plástico con material elaborado a partir do almidón de patata e maíz. Esta liña de negocio completábase coa reutilización do hardware obsoleto, transformado en plástico para impresoras 3D e destinado ao deseño de novos produtos como carcasas, teclados ou ratos.

O proxecto empresarial foi desenvolvido ao longo do todo o curso. Durante este tempo, os estudantes contaron co apoio e asesoramento das empresas Coregal e Patacas Conde. A idea consiste en seguir traballando o próximo curso nesta liña centrada na economía social e a Axenda 2030.

Esta actividade está coordinada pola profesora de FOL Alicia Rodríguez.



Unha boa mensaxe





“Arousa ten ás”

O departamento de Bioloxía e Xeoloxía puxo en marcha este curso un pequeno proxecto que leva por nome “Arousa ten ás”. Con el pretendemos que o noso alumnado de 4º da ESO se familiarice e coñeza un pouco mellor a rica natureza que nos rodea, especialmente a referida ás aves.

Durante varias das actividades contamos coa presenza e a sabiduría de Damián Romay, un ornitólogo nado no Grove que nos axudou a facernos unha visión xeral da diversidade de aves que podemos atopar na ría de Arousa, e máis concretamente no Complexo Intermareal Umia- O Grove. Como non podía ser doutro xeito, fixemos dúas visitas a este fermoso lugar, no que con uns bós prismáticos e a paciencia propia d@s ornitólog@s se poden observar gaivotas choronas, garzas reais, parrulos asubiadores, garzotas... ata tivemos a sorte de atoparnos con un pequeno grupo de cullereiros!


A gardamos que estas actividades sexan o punto de partida para que moit@s de vós comeceades a mirar ao voso arredor e redescubrades o voso belo entorno■



Actividades realizadas

- ▶ Charla “os humedais” (15 de xaneiro).
- ▶ Charla: “As aves da ría de Arousa” (20 de xaneiro).
- ▶ Observación de aves no “Complexo intermareal Umia - O Grove” e visita á aula da natureza “Siradella” (21 de xaneiro).





8 de marzo "Día Internacional da Muller"

Este curso adicámoslle o día Internacional da muller á pintora surrealista galega
Maruja Mallo

Ana María Gómez González
(Viveiro 1902 - Madrid 1995).

Foi a cuarta filla do matrimonio formado por Justo Gómez Mallo e María del Pilar González.

Sendo aínda unha nena a súa familia trasladouse á localidade asturiana de Avilés.

Con 20 anos, comezou os seus estudos na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid) onde permaneceu ata 1926. Alí relacionouse con artistas, escritores e cineastas como Salvador Dalí, Federico García Lorca, Luis Buñuel, María Zambrano e Rafael Alberti. Traballou para numerosas publicacións literarias e este foi punto de partida para que Maruxa fose xulgada pola súa obra e non pola súa condición feminina.

Unha bolsa da "Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas" permitiulle ir a París en 1932, onde coñeceu a Joan Miró e André Breton. Alí comezou a súa etapa surrealista e alcanzou a mestría, co cadro **Espantapájaros** (considerada unha das grandes obras do surrealismo).

De regreso a España comprometeuse coa Segunda República, e deu clases de pintura en Madrid. A sublevación de 1936 colleuna en Galicia e refuxiouse en Vigo, na casa dun tío seu, onde viviu oculta case seis meses por medo a unha denuncia ata que en xaneiro de 1937 logrou viaxar a América. Viveu na Arxentina e Nova York ata que en 1965 regresa a España.

Nos 90 foi recoñecida coa Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes e o Premio de Artes Plásticas de Madrid.

Cunha exposición monográfica da súa obra inaugurouse o Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela, en 1993.


Faleceu en Madrid aos 93 anos ■

Mallo



Libretas do 8 de Marzo

Este día, e como xa é tradicional, repartíronse a todos os alumnos/as da ESO e bacharelato unas libretiñas, as portadas están baseados en retratos de mulleres realizados pola pintora Maruja Mallo. Realizamos 8 modelos ■



A montaxe das libretas e o reparto o realizaron os alumnos/as de 3º PMAR

8 - M + actividades que fixemos

“Unha Mirada de Antano”




Ruth Matilda Anderson

Por encargo da Hispanic Society of America en Nueva York Ruth Matilda Anderson, percorreu Galicia entre 1924 e 1926.

En total, algo máis de 10.000 fotografías, configurando así un dos arquivos de imaxes sobre Galicia máis importante que se coñece.

En total, algo máis de 10.000 fotografías, configurando así un dos arquivos de imaxes sobre Galicia máis importante que se coñece ■




Videomontaxe con plastilina.

Os alumnos de 1º da FPB de informática Marcos Villaverde, Victoria Moure e “Jesu” Soto fixeron un videomontaxe con plastilina conmemorando este día. O video ten una duración de 1 minuto e 30 segundos e vese como un bloque de plastilina evoluciona formando diversas figuras.



Fotos 8M do alumnado do Cotarelo



Podía participar todo o alumnado e profesorado. As fotos debían realizarse fóra do centro (na casa, rúa, traballo, etc.), e as protagonistas deben ser mulleres en calquera ámbito da súa vida (persoal, profesional, familiar, etc.).

Posto que o violeta é a cor do 8M, as fotos debían ter aplicado algún filtro que lles de esta tonalidade .

Visita á exposición

“Galicia, un relato no mundo”

Galicia, un relato no mundo explora a relación entre o territorio histórico galego e o resto do mundo nun percorrido que nos leva desde a prehistoria ata a actualidade.

Asistiron a esta exposición os alumnos/as de 3º da ESO e 1º bach. Organizaron esta actividade o departamento de Lingua Galega e o EDL.



Esta visita realizouse o mércores 4 de marzo



Co cancineiro “da Vaticana”



Coa “Santa” de Asorey

XI TORNEO PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA

A finais de outubro (venres 25) participamos na 11ª edición do Torneo Panos Brancos contra a Droga que cada curso organiza a Fundación Galega contra o Narcotráfico. A nosa actuación foi de sobresaínte. Os resultados foron espectaculares : 1º posto en fútbol-8, 1º posto en atletismo e 3º posto en baloncesto , esta competición tivo lugar no recinto deportivo de Fontecarmoa.

En abril debíamos participar na fase comarcal que se ía a celebrar en Ribeira pero a cuarentena provocada polo coronavirus ■

Para disputar este torneo fixemos uns adestramentos para unha posterior selección. Aquí están todos/as os participantes nas diversas fases ▼

FÚTBOL 8

Aragunde Rodríguez, Marcos
Balsa Guerrero, Adrián
Barreiro Ameijeiras, Breixo
Blanco Patiño, Santiago
Blanco Sánchez, Roque
Canto Lemiña, Pablo
_Cuterea, Marius
da Silva e Jesús, Pabulo
del Valle Vidal, Lucía
Estévez Vázquez, Joel
Feijoo Rodríguez, Lucia
Grande Rodríguez, Ismael
Guldrís Peña, José Manuel
Losada Millán, Jesús
Martínez Campaña, Brais
Martínez Miguens, Santiago
Miser Junquera, Francisco
Miser Junquera, Francisco
Noya Casal, Luis
Noya Rios, César
Patiño Casal, Xoán
Piñeiro Durán, Víctor
Piñeiro Galbán, Hugo
Rodríguez Reguera, Ricardo
Soto Parada, Juan Jesús
Vázquez Francisco, Alejandro

Barreiro Barreiro, Alberto
Bóveda Castro, David
Bóveda Castro, Minerva
Cascón Caldas, Karolina
Céspedes Rodiño, Luis
Dios Casas, Iago
Durán Miguéns, Iván
Franco Barcala, Paula
García Padín, Marcos
García Rial, Mónica.
Jiménez Amaya, Lorena
López Gándara, Lucía
Moledo Carballeira, Andrea
Nieto Galán, Chenoa
Ríos González, Clara
Saborido Patiño, José
Sanchez Garcia, Carmen
Santos Oubiña, Natalia

PROFESORES

Enrique Rey
Juanjo López
Ángel Paredes

ATLETISMO

Alcalde Miguéns, Xulia
Araujo Rodriguez, Johnaerika
Balado Moreiras, Helenca
Ferreirós García, Daniel
Iglesias Chaves, Marcos
Marcos Santamaría, Óscar
Núñez López, Darío
Rodríguez Pérez, Alicia

BALONCESTO

Aragunde Rguez, Helena



Participaron neste campeonato 53 alumnos (18 chicas e 35 chicos) e tres profesores



XI TORNEO PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA



Lucía e Adriana disputando un balón



Todos os equipos antes de empezar o torneo

XI TORNEO PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA



*O equipo de fútbol-8 que se proclamou
CAMPIÓN do torneo*



*En atletismo
tamén fomos
CAMPIÓNS*



Fundación
Galega
Contra o
Narcotráfico



Dani recolleu o trofeo de baloncesto



Igancio e Juanjo na presentación do Torneo



Jesu recollendo o trofeo de campións



**RECITAL POÉTICO
E MUSICAL SOBRE
"ROSALÍA DE CASTRO"**

Actividade organizada polo EDL
Cantautor: Dani Barreiro.



ROSALÍA DE CASTRO XA TEN A SÚA ESTRELA

A Unión Astronómica Internacional púxolle á estrela **HD 149143** o nome de **Rosalía de Castro** e **Río Sar** é o planeta que xira ao seu redor

*"As
estrelliñas
todas que aló
no espazo
están,
sorrindo nos
miraban con
soave
craridá"*

A estrela está situada na constelación de Ofiuco a 240 anos luz.

Si se descubrisen máis planetas que xirasen arredor da estrela Rosalía terían nomes como Laíño, Lestrobe, Bastavales, Conxo o Iria.

VISITA ÁS BASÍLICAS DE STA. MARÍA E SAN FRANCISCO

Mércores 5 de febreiro.

A “profe” Mila do departamento de Relixión comeza coas tradicionais visitas a Pontevedra e Santiago. En total participaron nestas actividades 50 alumnos/as que en todo momento estiveron acompañados polas profesoras Elisa e Mila.

A primeira foi a Pontevedra onde os alumnos/as de 2º da ESO visitaron, entre outras as basílicas de San Francisco (impresionantes as súas vidrieras) e Santa María■



REALIZACIÓN DO DERRADEIRO KM. DO CAMIÑO DE SANTIAGO, VISITA Á CATEDRAL E MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS.

O 11 de febreiro os rapaces de 1º da ESO realizaron unha excursión a Santiago onde realizaron o último tramo do Camiño e visitaron a catedral e o Museo das Peregrinacións■



VIAXE dos ALUMNOS de 1º bach. a Londres

Do 8 ao 12 de decembro 39 alumnos de 1º de bacharelato realizaron unha viaxe didáctica a Londres. Durante esta semana visitaron os monumentos máis emblemáticos da cidade, nestas páxinas podedes ver cal foi o programa e algunhas das visitas realizadas ■

1º Bach. A (Ciencias)

Ángel, Tania, Anxo, Ana, Judith, José Manuelrcía Rodríguez, Alicia, Jorge, Irene, Damián, Martín, David, Pablo, Ismael, Xabier, Paula, Alejandra, Paula

1º Bach. B (Humanidades)

Adriana, Javier, Adrián, Sara, SofíaCo, Lydia, Iria, Noa, Antía, Ana, Jesús, Nerea, Laura, Carlota, Carmen, Nerea, Noa, Lucas Manuel, Karian, Gabriel, Sofía

PLANING DA VIAXE

| Domingo 8 | Luns 9 | Martes 10 | Mércores 11 |
|---|---|--|---|
| CAMDEM TOWN, COVENT GARDEN CHINA TOWN | BRITISH MUSEUM TOWER OF LONDON AND TOWER BRIDGE TATE MODERN LONDON EYE Parlamento, abadía TRAFALGAR SQUARE. | BUCKINGHAM PALACE HYDE PARK HARRODS ALBERT MUSEUM. PORTOBELLO MARKET- NOTTING HILL. | KING'S CROSS THE NATIONAL GALLERY LEICESTER SQUARE MERCADILLO DE NAVIDAD PICADILLY CIRCUS OXFORD ROAD REGENT'S / HAMLEY'S CARNABY. |



EXPERIENCIA DÍA SEN TABACO

Materiais necesarios para a realización desta actividade:



1.- Cinta adhesiva, mechero, codo de vidro, tixeiras, cigarrillos, tubo de goma transparente, destornillador, pinzas e guantes.

2.- Matraz Erlenmeyer e codo de vidro.

3.- Bomba de vacio de auga.



Neste enlace ou o código qr podes ver o video da experiencia ▼



<https://youtu.be/ObaJ31uwJEk>



Campionato de Baloncesto

3 x 3

O pasado venres 31 de maio celebramos no pavillón nº1 de Fontecarmoa a final do torneo de baloncesto 3x3 tanto na categoría de 1º e 2º da ESO como maiores. Foron un total de 10 equipos os que disputaron esta fase.

Os equipos vencedores foron os seguintes:

1º-2º ESO



CAMPIÓNNS : “Equipo”
Luis. Iago, Marcos, Pepe e Darío



SUBCAMPIÓNNS : “Patriarquitas”
Marcos, Ximena, Alicia, Karoliona, Paula e Nathalia

M.V.P
desta fase



Karolina Cascón
24 ptos

MAIORES

CAMPIÓN
**“Beberly
Tronas”**



Nacho, Mario, Javier e Marcos

SUBCAMPIÓN
“Pussy Slayers”



Mohamed, Rodrigo, Joel e Ramón

M.V.P
desta fase





**Nacho
Patiño
30 ptos**


COVID-19: QUEREMOS SABER...

Unha nova situación

Tania Cores e Martín Portas de 1ºBAC A, colaboraron coa profesora de Bioloxía Mª José Figueira no seguimento de información que ía xurdindo nesta nova situación sanitaria que nos tocou a todos vivir. Identificamos o virus, como elimínalo, como se transmite e seguimos os seus pasos nas novas que ía saíndo na prensa no día a día...



Tarefa de investigación. Busca en Internet a estrutura e composición do coronavirus Covid-19. Explica por que este virus se elimina con xabón ou xeles hidroalcohólicos.




Nutricotarelo: O noso proxecto...

CIENCIA



AQUÍ COMEZA A AVENTURA

Iniciamos este proxecto para investigar e avaliar o xeito no que os alimentamos. Promovemos una alimentación saudable e ecolóxica, variada e rica alimentos próximos á nosa contorna e contribuir así á prevención contra as enfermidades con maior prevalencia na nosa sociedade, relacionadas cunha alimentación e hábitos pouco saudables e dar un paso na loita individual contra o cambio climático ■



Etiquetas alimentarias

Traballo que nos indica o que debe figurar nos alimentos envasados que consumimos. *Cómo ler as etiquetas*
Realizado por Paula Villanueva e Paula Serantes alumnas de 1º bach.

LISTA DE INGREDIENTES:

- Los ingredientes aparecen de mayor a menor cantidad presente en el alimento.
- Si no tiene más de cinco ingredientes no hace falta.

Ingredientes: Aguacate, tomate, ajo, zumo de limón, especias.

| | Por 100g | Por ración de 45g |
|-------------------------|--------------------|-------------------|
| VALOR ENERGÉTICO | 1855 kJ / 444 kcal | 833 kJ / 200 kcal |
| GRASAS | 14 g | 6,3 g |
| de las cuales saturadas | 1,4 g | 0,6 g |
| HIDRATOS DE CARBONO | 69 g | 31 g |
| de los cuales azúcares | 22 g | 10 g |
| PROTEÍNA | 7 g | 3,2 g |
| FIBRA | 5,6 g | 2,5 g |
| SAL | 0,35 g | 0,16 g |

VALOR ENERGÉTICO:

- No nos da información importante.
- Fíjase en los valores medidos por 100g y no en los gramos por ración.

HIDRATOS DE CARBONO:

- Si en la lista de ingredientes no aparece el azúcar, el azúcar en este alimento no es azúcar libre.
- La OMS no recomienda un consumo de azúcar libre superior al 25%.

FIBRA ALIMENTARIA:

- Fuente de fibra: >3 g por 100g.
- Alto contenido en fibra: >6g por 100g.

VITAMINAS Y MINERALES

- Alto contenido en (nombre de la vitamina o el mineral): >30% del VNM.
- Fuente de (nombre de la vitamina o el mineral): >15% del VNM.

Diets especiais: baixas e graxas

Aquí falamos das *diets especiais*, é dicir, pautas alimentarias que realizamos cando temos algunha patoloxía, xa sexa pasaxeira ou crónica. Neste caso, **Laura Gil** explícanos para quen están indicadas estas dietas e as súas características.



Pero temos moitas máis entradas...

CIENCIA



Alumnos/as que participaron



Profes e alumnos 1º FPB-COM e 1º bac. A

NUTRICOTARELO



NUTRICOTARELO

3º ESO A



3º ESO B



3º ESO C

Concerto didáctico: Darío Mariño - Mitra Kotte

MÚSICA



Oxoves 14 de novembro desfrutamos no Cotarelo dun magnifico concerto para clarinete (Darío Mariño) e piano (Mitra Kotte).

Este concerto, dirixido aos alumnos/as de 4º da ESO e 1º de bacharelato.

Estivo organizado polo departamento de música fíxose en colaboración coa Sociedade Filarmónica de Vilagarcía ■



CONCERTO DIDÁCTICO

DÚO DE CLARINETE E PIANO

DARIO MARIÑO
clarinete

MITRA KOTTE
piano

EN CONCERTO

INTERPRETARÁN OBRAS DE
BRAHMS . POULENC . DEBUSSY

ORGANIZA: DPTO. DE MÚSICA

Clásica

XOVES

14

ÁS 10:00

REDACCIÓNS

Onte pola noite...

En Vilaxoán, escoitábanse uns ruídos estraños. Non sabía a súa procedencia e tiña moito medo (parecían sons de animais). Claudia e mais eu fuximos deles.

Cando chegamos á casa da miña amiga chamáronnos uns compañeiros para que fósemos con eles ata a praia; dixémoslles o que pasaba e que de alí non



saíamos. Eles riron e seguiron insistindo co da praia. Finalmente, comezamos a andar cara á ela. Ao pouco vímolos a eles, co seu sorriso persistente. As súas palabras foron: “sodes parviñas, eramos nós para metervos medo”. Naquel momento non sabiamos se rir ou chorar.

Dou a unha da madrugada; decidimos marchar, todos xuntos, para o piso de Claudia a cear e falar un cacho; cunhas cousas e outra déronnos as seis da mañá.

Cadaquén marchou para a súa casa ata o próximo día que volvésemos vernos ■



Autora:
Ángela Moimenta
Vázquez
3º PMAR

En Vilagarcía...

Os cans andan a dúas patas desde hai un mes. Ninguén sabe o motivo porque é moi estraño. Agora están a investigalo para ver a que se debe. Unha das hipóteses é que poden ser os efectos secundarios das vacinas que lles poñen, ou polo penso dos cans, xa que aos gatos non lles ocorre.



Hai dúas semanas a miña prima e mais eu estivemos investigando o suceso. Fomos dar un paseo para observar eses cans tan peculiares, xa que era un fenómeno que non afectaba a toda a especie. Cando nos decatamos de que aos nosos non lle afectaba descartamos a hipótese das vacinas (leváranas todas).

Aínda así, seguimos a pescudar e encontramos, nunha marca de penso para animais, un ingrediente moi raro. Enviamos unha mostra a un laboratorio e, alí, corroboraron as nosas sospeitas: ese ingrediente facía que os cans se puxeran a dúas patas.

“Enviamos unha mostra a un laboratorio e, alí, corroboraron as nosas sospeitas: ese ingrediente facía que os cans se puxeran a dúas patas”

Desde aquel día todas as persoas cambiaron de penso e xamais volveu suceder unha situación similar ■



Autora:
Nerea Dopazo
Magariños
3º PMAR

IES Armando Cotarelo
Valledor

25 N

Contra
a
Violencia
de
Xénero

016 TELÉFONO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS TOLERANCIA CERO

Como sempre no Armando Cotarelo conmemoramos o “25-N Día Contra a Violencia de Xénero” cunha serie de actividades nas que participan a maioría dos cursos.

Elaboráronse unha serie de pancartas que logo se colocaron por todo o centro e repartíronse entre todo o alumnado uns lápices, unhas pegatinas e uns calendarios conmemorativos



| CALENDARIO 2020 | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-----------------|----|----|----|----------|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| XANERNO | | | | FEBREIRO | | | | MARZO | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | |
| ABRIL | | | | MAIO | | | | XUNO | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | |
| XULLO | | | | AGOSTO | | | | SETEMBRO | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | |
| OUTUBRO | | | | NOVEMBRO | | | | DECEMBRO | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | |



Nesta ocasión dedicámoslle unha exposición ás irmás *Mirabal*





Ricardo Carvalho Calero

Ferrol 1910 - Santiago 1990

Letras Galegas 2020

Que foi Carvalho Calero?

Filologo, lingüista, crítico literario, historiador da literatura, escritor e mestre de varias xeracions licenciado en dereito e en filoloxia e letras na USC e Doutor pola Universidade de Madrid.

Naceu en Ferrol o 30 de outubro de 1910 e tivo un papel fundamental na defensa da nosa lingua e da cultura galega.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista. Ademais foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega da USC, numerario da Real Academia Galega e membro de honra da Asociación Galega da Lingua.

Primeiros estudos

Os seus primeiros estudos foron cursados no Colexio Comellas, alí cursou por libre o bacharelato e ao rematar trasladouse a Compostela en 1926 para estudar Dereito que foi licenciado en 1931 e Filosofía e Letras que foi licenciado en 1935 e cumprir co servizo militar.

Os seus primeiros pasos

Vinculouse co galeguismo dende xoven participando na revista *Nos*, entrando no Seminario de Estudos Galegos en 1927, colaborando na redacción do Estatuto de autonomía e ingresando no Partido Galeguista

Publicou os seus primeiros traballos de creación en español en 1928, "Trinitarias" (poesía) e en galego "Vieiros" en 1931, tamén poesía, e colaborou en revistas literarias como *A Nosa Terra*, *Nós*, *Guion*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios* e *Papel de Color*.

Primeiro traballo en 1933

A súa praza de auxiliar administrativo foi no Concello da súa cidade con 23 anos onde máis tarde casou cunha compañeira de estudos universitarios: María Ignacia Ramos, licenciada en Historia.

Golpe de Estado e cárcere

A Guerra Civil colleo en Madrid e uniuse a loita como miliciano, ata alcanzar o posto de tenente na campaña.

Máis tarde da guerra, foi xulgado e condenado a doce anos (e un día), aínda que en 1941 regresou a Ferrol, baixo liberdade condicional e non podía acceder a ningún cargo público e establece contactos cos galeguistas que ficaran no país, con Fernández del Riego, con quen mantivera amizade dende o cárcere.

En 1950 co seu seu labor docente como director do colexio Fingoy en Lugo, iniciado coa súa tese de doutoramento, "Aportacións a la literatura gallega contemporánea" que tivo como froito máis valioso a publicación en 1963 da "Historia da literatura galega contemporánea".


Real Academia Galega e mestre na Universidade

Ingresou na Real Academia Galega no 1958, cun estudo sobre as fontes literarias de Rosalía de Castro. En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalía de Castro de Santiago, e no 1972, convértese no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galegas da USC.

Dende entón adicouse exclusivamente a Universidade, ata a súa xubilación, en 1980 onde seguiu



Ricardo Calero



colaborando con diversas asociacións, como a Asociación Galega da Lingua (AGAL) da que era membro de honra. En 1981 foi nomeado membro da Academia da Ciencias de Lisboa.

En 1979 foi nomeado responsable do departamento de educación da Xunta Preautonómica, presidente da comisión encargada de establecer unhas normas lingüísticas para o uso administrativo da lingua.

Narrativa

Publicou diversas obras tales como: A xente da barreira (1951), Scorpio (1987), Aos amoreas serodios (1979) ou A cegona publicada en 1975.

Poesía

Foi o xenero co que se sentiu mais identificado. Os poemas posteriores a guerra civil son mais sombríos que os precedentes. A súa obra poética é ampla: “ Preterito imperfecto” 1927-1961- que recolle os primeiros libros: “Futuro condicional” 1961-1980, “Cantigas de amigo e outros poemas” 1980-1985, e “Reticencias” 1986-1989

Teatro





O seu teatro fala dos problemas da comunicación humana, da maternidade, do fracaso do amor, da comprensión e a sátira contra a ambigüidade política. En “Teatro completo“(1982) recollense as súas creacions, “Farsa das zocas” que e a mais conecida.

Ensaio

Destacou no campo da crítica literaria con “Sete poetas galegos“(1955), “Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía”(1959), “Libros e autores galegos I e II“(1979, 1982), “Estudios rosalianos”(1979) e “Letras galegas“(1984). E a obra mais extensa para o conecemento da literatura galega “Historia da literatura galega contemporanea”(1963 e 1975), fonte indispensable para os estudos posteriores. E autor, tamen, dunha “Gramatica elemental del gallego comun”(1966), a mais completa para o ensino da lingua galega. Ademais destacan, entre outras, “Problemas da lingua galega”(1981) e “Da fala e da escrita”(1983). ■



17 de maio No Dia das Letras Galegas a Real Academia Galega honra aos que destacan pola súa creación literaria en galego ou pola súa defensa dese idioma. Cada ano esta dedicado a unha persoa diferente. O 17 de maio, de 1863, publicouse en Vigo o primeiro exemplar da obra Cantares Gallegos, de Rosalia de Castro.



Adaptación do traballo “Calero” da alumna Noa Portas Mosquera de 1º bach. A

Abrazos para ti


Biblioteca do IES Armando Cotarelo

A profesora Elisa Ruiz do equipo da biblioteca desenrolou esta actividade denominada “Abrazos para ti” na que participaron tanto alumnos/as como profesores. O resultado o podese ver neste pequeno reportaxe fotográfico.





Nestas páxinas
podedes ver os
disfraces gañadores
do **Entroido'20** que
celebramos o pasado 21 de
febreiro ■



Maléfica
1º premio individual



Petrosky
2º premio individual



Groucho Marx
3º premio individual



ENTROIDO no Cotarelo
A Casa de Papel
1º premio parellas



▲ Unicornios
2º premio parellas



▲ As irmáns do Baptisterio
2º premio grupos

Marujas
1º premio grupos ▼



◀ Flower Power
3º premio grupos





Aplicacións
Premio Especial

templario
Premio Sorpresa



Osiñas
Premio Sorpresa ▼

COLABORADORES

1º ESO A

Guillermo Pastor

1º ESO B

José Tabán

2º ESO A

Darío Gómez

2º PMAR

Iker Marcos
Georgett Taban

2º ESO B

Xulia Alcalde

Johnaerika Araujo

Minerva Bóveda

Lucía Canto

Óscar Marcos

Naira Reinoso

3º ESO A

M^a Alexandra Acuña

Alejandra Araujo

Alba Besada

Uxia Bustelo

Diego Dieste

Luis José Diz

Bruno Gago

3º PMAR

Carla Pujales

3º ESO C

Beatriz Fernández

FPBI 2º

Lara Villanustre


**El@s fixeron
posible que todo
saíse perfecto**

Grazas a tod@s!



CAMPIONATOS

★ BADMINTÓN ★



1ª

2ª

▶ INDIVIDUAL MAIORES / CHICAS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Lucía del Valle 4ºA.
- 2º Beatriz Fernández 3ºC.



1º

2º

▶ INDIVIDUAL MAIORES / CHICOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Richard Miguéns 1ºAC.
- 2º Brais Martínez 3ºB

Somos deporte




1º

2º

▶ INDIVIDUAL PEQUENOS / CHICOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Carlos Santos 2ºA
- 2º Ramón Rosales 1ºB



2ª

1ª

▶ INDIVIDUAL PEQUENOS / CHICAS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Minerva Bóveda 2ºB
- 2º Xulia Alcalde 2ºB





1ª

2ª

► PARELLAS PEQUENOS / CHICAS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Minerva Bóveda 2ºB
Xulia Alcalde 2ºB.
- 2º Carolina Méndez 1ºB
Naira Vázquez 1ºB.



Somos deporte

► PARELLAS PEQUENOS / CHICOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Carlos Santos 2ºA - Dani Agrelo 1ºB
- 2º Nicolás Figueroa 1ºB - Álvaro Abalo 1ºA



1º

2º

Somos deporte

► PARELLAS MAIORES / MIXTOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Richard Miguéns CM. - Ibtisam Amri CM.
- 2º Ana Xulia Castro 4ºB - José Francesh 4ºB.

2º



1º



1º

2º

► PARELLAS MAIORES / CHICOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Miguel Álvarez 3ºC.
Santiago Martínez 3ºC.
- 2º Samuel Bispo 1ºB.A
Santiago Somoza 3ºA.



CAMPIONATOS

★ FUTBOLÍN ★



▶ MAIORES / CHICOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Víctor Piñeiro 4ºB - Alex Cuterea 2ºA
- 2º César Noya 4ºB - Brais Martínez 3ºB.



1º

2º

▶ MAIORES / CHICAS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º María Gómez (P) - Laura Nocelo (P).
- 2º Beatriz Valenzuela (P) . Ana I. López (P).



2º

1º

Somos deporte

▶ MAIORES / MIXTOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Miguel Fontán XEAD - Lucía López 2ºB.A.
- 2º Alba Lorenzo 3ºB - Brais Martínez 3ºB



1º

2º



1º

2º

▶ 1º e 2º / CHICOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

- 1º Damián García 2ºB - Dani Ferreirós 2ºB
- 2º Breixo Miguéns 2ºB - Paulo Couso 2ºB




► 1º e 2º / MIXTOS

CLASIFICACIÓN FINAL:

1º Breixo Miguéns 2ºB - Lidia Bermúdez (P).

2º Dani Ferreirós 2ºB - Ana Blanco (P).



Somos deporte

CAMPIONATOS

★ FUTBITO ★

OS MELLORES

2º

1º- 2º ESO

BOLECHAS

1º



David P. Martín Dani David B.
Mohamed



Carlos Rubén Paulo Pepe Breixo

RIANXEIRAS



Somos deporte



Alicia


María

Xulia

Minerva

Uxía Soto

*** PREMIOS INDIVIDUAIS ***



GOLEADORES/RAS



Paulo Couso



Uxía Soto

MELLORES XOGADORES/AS



Rubén Moldes



Xulia Alcalde

MELLOR GARDAMETA



Minerva Bóveda



Breixo Miguéns

COMPROMISO SOCIAL E FEMINISMO EN ROSALÍA DE CASTRO

Compromiso social

Rosalía de Castro está considerada a máis importante figura representativa e universal da



Literatura Galega. Ela era unha muller culta, con criterios propios e cunha clara intención de ser escritora. Ademais, era plenamente consciente do que facía cando rompía coas tradicións literarias, idiomáticas, ideolóxicas... Rosalía foi pioneira e

precursora de correntes de pensamento social e político de plena actualidade en todo o mundo: feminismo, anticapitalismo, nacionalismo progresista etc. É por isto polo que a súa obra se traduciu a numerosas linguas. Con todo, Rosalía é unha figura singular no contexto da época por tres razóns: Participa na posta en marcha dun sistema literario galego autónomo Rompe todas as barreiras temáticas Cultiva poesía e prosa Ademais, destaca polo seu gran compromiso social, xa que a autora sempre foi unha persoa loitadora en contra da marxinação, da inxustiza e da opresión. O compromiso de Rosalía como escritora plásmase nestes aspectos:

- ▶ A defensa da cultura e do idioma galego: a nosa idiosincrasia e presentándonos como persoas dignas (naquela época galego significaba ignorancia, brutalidade, atraso...)
- ▶ A defensa de valores sociais e morais do pobo fronte á sociedade burguesa
- ▶ A identificación cos problemas, sufrimentos e aspiracións das clases populares galegas. Por exemplo, “viúvas de vivos”
- ▶ A denuncia das inxustizas e abusos a Galiza e aos galegos, sobre todo coa emigración
- ▶ A reivindicación dos dereitos da muller, comezando co dereito a ser literata que a ela tanto lle afectaba e polo que se vía marxinaada.

Feminismo

Como xa dixemos, Rosalía era unha muller defensora dos dereitos da muller e ela viviu a metade do século XIX na que o tema irrumpeu en todos os sitios creando grandes debates entre defensores dos dereitos da muller e aqueles que preferían que seguisen recluídas no ámbito doméstico. Cando Rosalía comeza a escribir dábase unha situación na que máis do 93% das mulleres eran analfabetas e, as poucas escritoras que había, facían en castelán e tocaban temas típicos e limitándose á poesía. O feminismo está inmerso en todas as obras da autora. Centrándonos na narrativa vemos citas como en “Lieders” na que canta a liberdade da muller. E, outro exemplo é en La hija del mar, onde protesta contra a idea de que a muller só serve para os labores domésticos■



©Tania Cores (1ºbach A)

"REFLEXIÓNS SOBRE OS PRECURSORES E ROSALÍA"

Reflexión persoal

Neste traballo falamos dunha das etapas máis importantes de Galiza. Non porque fose a máis espléndida, se non porque se trata da etapa de loita para non perder o noso, a todos os nevéis. É unha parte da historia que identificamos coa rebeldía e desasosiego. Na que se



combatiu aos que tiñan máis poder co fin de recuperar unha certa autonomía e, sobre todo, ese sentimento de colectivismo que tanto destaca aos galegos. Isto significou un avance durante uns séculos, pero acabou rematando co noso século XXI que, como incidín en numerosas

ocasións, non está a ser tan diferente. Estamos ante unha lingua maioritaria pero minorizada na que vivimos un proceso de normalización a través das leis pero que, como se ven cos resultados, non se aplica realmente na práctica, xa que se está a substituír e perde falantes. Como vemos, as situacións non son tan distintas, polo que despois do paso de tantos anos nos que o galego volveu a coller forza, estámolo a deixar marchar ata un punto semellante que podería voltar a esos Séculos Escuros pero contemporáneos.

Meténdonos agora en materia máis daqueles tempos, situámonos nun momento socioeconómico decadente, difícil vivir para calquera tipo de persoa excepto para reis e burgueses. A xente do pobo morría pola crise agraria que se produciu e, nun lugar onde non destacaba a industria pola súa marxinação, xa que só terá un repunte nos anos 80 coa conserveira, non recibía ningún tipo de axuda para sobrevivir. Sen dúbida, tempos moi complicados. Pero aqueles que tiveron a sorte de ter unha familia rica e sen

problemas, dedicaron o seu tempo á aprendizaxe e, algúns deles, deron comezo ao Rexurdimento.

Este tipo de homes e mulleres foron os precursores que, baixo o meu punto de vista, fixeron o traballo de maior dificultade. O complicado é, nunha sociedade que non ten en mente a defensa da súa idiosincrasia, plantexar o problema e intentar conseguir o apoio do pobo. Poñamos un exemplo aleatorio, unha cidade que teña que levar os pés descalzos porque así o dicta o seu rei pero, algúns dos cidadáns considéranos, como é normal, un abuso de poder, un autoritarismo que non é necesario. Nese caso, eses poucos alzan a voz con algo que nadie pensara ata o momento, simplemente porque o vían parte do seu día a día, non o cuestionaban. E anos despois surxe un movemento en contra diso que recupera o calzado da poboación. Neste caso o traballo máis complicado, sen menospreciar ao resto dos individuos que defenden a proposta, é daqueles poucos que non calaron mentres estaban a ser inxustamente tratados. Os que continuaron despois digamos que xa tiñan "acostumado" ao pobo, xa non era a primeira vez que escoitaban falar da revolta.

Pois ben, iso mesmo sucedeu coa defensa de Galiza. Nun primeiro momento que nadie se cuestionaba iso, houbo uns poucos que se ergueron en contra da situación e, máis tarde, foron seguidos. Eses foron os precursores, os responsables de que hoxe en día aínda teñamos un idioma, unha lingua propia. Loitaron nos seus días pola defensa dalgo que consideraban propio, que pertencía a eles e non aos que nin idea tiñan do que significaba ser galego. Poir iso comezaron un movemento que, por sorte, non quedou no olvido. Hoxe temos gramáticas, leis na escrita, vocabulario, somos quen de expresarnos nesta lingua. E todo grazas aos que sacaron forzas para defenderse ante as inxustizas.

En canto a Rosalía, para min o mellor punto de todo o traballo, foi un gran descubrimento. Non se trata da primeira vez que estudaba, investigaba e expoñía o meu traballo acerca da súa figura, pero sí foi o primeiro no que me decatei da súa importancia. Unha das cousas que levo destas últimas semanas de curso foi descubrir o que significou a súa existencia. A súa

labor como escritora e como defensora do papel das mulleres que, ata agora, non coñecía. É por isto polo que a miña visión sobre esta persoa mudou completamente, antes suxeríame unha certa pobreza e incluso pena, pero agora a súa imaxe é de loita, de forza, incluso cun comportamento, en certo modo, de afouteza case sen límites.

A súa historia foi, canto menos, singular. Unha nena con estudos aos que non moitas, de familias acomodadas, chegaban. Ademais, xa na súa infancia obtiña unha certa peculiaridade ao tratarse dunha cativa que disfrutaba da natureza dun xeito sentimental, miraba pola ventá da súa casa en Padrón, cara o exterior e disfrutaba daqueles anacos de tempo que, con maior idade, marcarían a súa literatura. Escoitaba as historias dos veciños sobre o mar, do que se namorou completamente e quixo ata os seus últimos días e as súas últimas palabras.

A súa figura paréceme imprescindible para Galiza, é unha pena que en moitos casos non cheguemos a apreciar o que realmente significou. A maioría de nós non comprendemos realmente a figura dos autores cando os estudamos, nin nos acercamos ao seu significado para a sociedade e, no caso de Rosalía, paréceme importantísimo facelo.

A demais, foi unha muller do que diríamos “adiantada ao seu tempo”, unha clara defensa do feminismo como foron outras posteriores, por exemplo Clara Campoamor, que nace tres anos despois da morte da galega. Escribe con certa ironía pero deixa ver claramente os seus ideais, non ten o medo que outras no seus días teríamos. Non todos en 1800 defenderíamos así os nosos valores, como mínimo manteríamos o anonimato dentro do posible, por medo a represalias.

U nha gran defensora das inxustizas de todo tipo foi Rosalía de Castro, escritora galega de 1837 ata 1885.


Unha figura da que aprender.

©Tania Cores (1ºbach A)



6 de febreiro

Ana Alcolea



Escritoras que nos visitaron





“O que le moito e anda moito, ve moito e sabe moito”

Miguel de Cervantes

Ana Alonso



18 de febreiro





Carlos
colocando os
lazos do
S-M no
cierre do
"instí"

A contraportada